

**A/A Servizo de Xestión de Comedores Escolares. Consellería de Cultura,
Educación y Universidad**

Dña Susana Perez Rodríguez con DNI 72481932P en calidade de presidenta da AMPA do CEIP de Oímbra (Nº Rexistro 2010/014657-OU) con domicilio a efectos de notificación en r/ Grupo Escolar, nº16 CP 32613 Oímbra (Ourense) presento o seguinte escrito a modo de **RECLAMACION** formal ante as queixas recibidas por parte dos asociados en relación o menú ofrecido no noso comedor escolar, pasando a expoñer os seguintes motivos.

MOTIVOS:

1º Dende o inicio do curso escolar (setembro) ata actualidade vimos observando que non existe modificación algunha na elaboración dos pratos, presentando o longo de catro meses o mesmo menú que vai alternando os pratos cada quince días, sendo a forma de presentación dos alimentos sempre a mesma.

2º Notamos carencia de certos pratos tradicionais que son ben admitidos polos nenos como por exemplo unhas lentellas ou albóndigas

3º Os nenos de idades superiores refiren, en algunha ocasión, que a comida non é suficiente quedando con fame, ben é certo, que existen comidas que rechazan e solicitan repetir do que máis lles gusta pero esto non sucede de forma xeral.

Por todo o dito

SOLICITAMOS:

1º Modificar a forma de elaboración de certos pratos como por exemplo brócoli ou coliflor en allada, xa que son alimentos os cales os nenos mostran por norma xeral certa aversión, rechazandoios incluso mais. Consideramos que existen múltiples formas de cociñado destes alimentos facéndoios mais atractivos para os nenos, obviando dicir, que non é necesario recurrir en ningún momento o aumento de frituras ou rebozados.

2º Solicitamos a inclusión de pratos da cociña tradicional que vemos totalmente ausentes, como por exemplo unhas lentellas fomentando así a inxesta de legumes e verduras.

Solicitamos a valoración, destes dous puntos, por parte da nutricionista encargada da elaboración do menú.

3º Necesitamos que se aumente a cantidade de comida, xa que, os nenos de idades superiores requiren un aporte maior para cubrir as súas necesidades enerxéticas.

Quedamos a espera de resposta por parte do equipo responsable.

Fdo: AMPA do CEIP de Oímbra